

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE ABRIL DE 2011.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas do día catro de abril de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 14 de febreiro de 2011.

Por Secretaría dáse conta do erro material no punto C.1) onde debe figurar o seguinte :

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE XANEIRO-FEBREIRO 2011.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de xaneiro e febreiro de 2011, por importe de 449,49€.

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta de 14 de febreiro de 2011, coa devandita rectificación.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA.

B.1) SOLICITUDE DE D. WALERICO GARCÍA GÓMEZ, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN PRADA-XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. Walerico García Gómez, con D.N.I. nº51.980.718-M con domicilio en C/ Esteban Palacios, 17 4º B (28043 Madrid) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Prada.-Xuances.-Xove.(Lugo). Poligono Nº 14.-Parcela Nº 159.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Expediente: 934/11

Expediente licenza obra: 535/07

OBRA PREVISTA EN PROXECTO: Edificio para vivenda unifamiliar en PRADA.-XOVE.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.

OBRA EXECUTADA: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa, e unha altura con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

INFORMO:

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. **ORDENANZA DE APLICACIÓN. -SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL.** A obra executada, adáptase a Normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN.**

Presuposto proxecto de execución-liquidación final: 109.812,19€

Valoración licenza primeira utilización 0,5% s/p 549,06€.

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Prada-Xuances, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 549,06€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.2)SOLICITUDE DE D. JESUS LESTEGÁS CASARIEGO PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN PEDRIDE-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. *Jesús Lestegás Casariego* con D.N.I. nº 33.817.424-H con domicilio en Avda. Diputación, 24 4º B (27870 Xove) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en *Pedride S/N.-Xove.(Lugo).*

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Arquitecto Técnico Municipal

EXPEDIENTE: 844/11

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE 1ª UTILIZACION

SOLICITANTE: D.JESUS LESTEGAS CASARIEGO.

EDIFICACION: VIVENDA UNIFAMILIAR

SITUACION: PEDRIDE S/N.-XOVE.(LUGO).

POLIGONO Nº 37.-PARCELA Nº 29

Expediente licenza obra: 203/07

OBRA PREVISTA EN PROXECTO: Edificio para vivenda unifamiliar en PEDRIDE.-XOVE.-

Vivenda unifamiliar composta de semisótano, planta baixa e unha altura.

OBRA EXECUTADA: Vivenda unifamiliar composta de semisótano, planta baixa, e unha altura con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

INFORMO:

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. **ORDENANZA DE APLICACIÓN. -SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL.** A obra executada, adáptase a Normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN.**

- **PRESUPOSTO PROXECTO DE EJECUCION-LIQUIDACION FINAL:** 113.650,64€
- **VALORACION LICENCIA PRIMEIRA UTILIZACION 0,5% S/P** 568,25€.
- **OBSERVACIÓN:** Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Pedride-Xove que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 568,25€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.3) SOLICITUDE DE BEGASA RELATIVO Á ADECUACION DE PUNTO DE CONEXIÓN DE MT PARA SUMINISTRO ELECTRICO OS SSAA DE SUBESTACION 400/132 KV DE REE

Vista solicitude formulada por D. Andrés Lema Martinez con D.N.I.-52.458.722-T, en representación de: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A con CIF A-33001983, con domicilio en Avda. de Ferrol, 5 (27850 Viveiro), para realización de obras de adecuación de punto de conexión de Mt para suministro eléctrico a los SSAA da subestación 400/132 Kv da R.E.E. (Red Eléctrica de España) en Sumoas. (Santo Estevo).- Expediente: 899/11

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se aporta, suscrita polo Inxeniero Técnico industrial D. Juan Carlos Vázquez Gómez, colexiado nº 352, a Parcela en que se ubicarán as instalacións que se pretenden, encóntranse ubicadas dentro de Solo rústico, de acordo coa vixente Normativa municipal do Concello de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A área municipal que poida estar afectada por estes traballos, se executarán no que a obra civil se refire de acordo co as obrigadas prescricións dos servizos técnicos municipais.
- Unha vez executados os traballos previstos, na súa totalidade, a área municipal afectada, quedará en perfecto estado de conservación e uso.
- De acordo co exposto anteriormente, infórmase favorablemente as obras que se solicitan, nas condicións establecidas no proxecto que se aporta.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.497,83€- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 29,95€-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D. RAMON ABAD DOMINGUEZ, RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACION AUXILIAR COMO USO DE ALMACEN PARA GARDAR APEROS DE LABRANZA EN SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Ramón Abad Domínguez con D.N.I nº: 33.858.271-V con domicilio en Fontaiña, 6 (27878 Sumoas) para realización de obras de construción dunha edificación auxiliar como uso de almacén para gardar aperos de labranza en Fontaiña Nº 6-Sumoas.-Xove.- Poligono Nº 11.-Parcela 151.- Expediente: 886/11

Referencia Catastral:27025A011001510000JA

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, e o proxecto polo arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de Decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo Rural de Fontaiña- Sumoas. Por parte do técnico autor do proxecto, no apartado 1.2.3.3, correspondente a ficha das condicións urbanísticas da memoria de Dito proxecto, xustifícase o cumprimento da normativa urbanística. Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación, pódese outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado e cos condicionantes que se especifican no presente informe. Construción de edificación auxiliar para gardar aperos de labranza.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 6.3.condicións de edificación, xustifícase o cumprimento da Normativa para a edificación que se pretende levar a cabo.
- Condicións de edificación:
 - Bloque de formigón branco ou pintado.
 - Cuberta de lousa.
 - Carpintería exterior de aluminio ou madeira.
- Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela, haberán de garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 3 metros.
- Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.
- Respetarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de

modificación da Lei 9/2002, de Protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.

- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitábase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 6.854,99€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 137,09€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C)CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D)OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANA BELEN PIGUEIRAS LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Ana Belén Pigueiras López, con D.N.I. nº 33.996.334-B , con domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte-Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D^a BENEDICTA OTERO GONZÁLEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Benedicta Otero González, con D.N.I. nº 33.994.512-Y , con domicilio en Loureiro, 14 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZÁLEZ RODRIGUEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por 2 votos a favor e á abstención de D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro, acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q, con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D^a JOSEFA GONZÁLEZ PARAPAR.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Josefa González Parapar con D.N.I. nº 33.993.607-K , con domicilio en Loureiros, 55 (27877 Xuances) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de unha vaca por importe de 400,00€.

D.6) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL, RECREATIVA E DEPORTIVA “PAU DA VELLA” DE AXUDA ECONÓMICA PARA LIGA DE FUTBOL SALA-XOVE.

Visto o escrito de D. Albano Riveira Paleo, como Presidente da Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva “Pau da Vella” con domicilio a efectos de notificación en Ponte do Carro, 9 (27879 Rigueira) no que solicita unha subvención para o financiamento da Liga de Fútbol Sala de Xove, ano 2011.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a existencia de crédito para o gasto no vixente Orzamento, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 5.000,00€ para o financiamento da Liga de Fútbol Sala de Xove, durante o ano 2011.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o custe da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 3.500€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 5.000 € procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumpri-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.7) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a ISABEL BEN FERNANDEZ.

Vista solicitude formulada por D^a Isabel Ben Fernández con D.N.I. n^o 76.545.652-L con domicilio en Vilachá, 12 (27877 Portocelo) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1^o) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a Isabel Ben Fernández como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 2,60€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2^o) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3^o) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

D.8) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a PANCRACIA INÉS GALINDO.

Vista solicitude formulada por D^a Pancracia Inés Galindo con D.N.I. n^o 11.553.719-Z con domicilio en Camiño Real, 26 (27870 Xove) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1^o) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a Pancracia Inés Galindo como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 2,60€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2^o) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3^o) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

D.9) SOLICITUDE DE RENUNCIA Ó SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D. MARCIAL PERNAS PENA.

Vista solicitude formulada por D. Marcial Pernas Pena con domicilio en Loureiro, 13 (27879 Monte) no que expón que e beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar dende fai 10 anos e que non está interesado en seguir beneficiándose do devandito Servizo, polo que solicita a súa renuncia no Servizo de Axuda a Domicilio que presta o Concello de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1^o) Aceptar a petición de renuncia solicitada, e proceder á súa baixa dende o mes de maio de 2011.

2^o) A notificación ó interesado, os efectos oportunos

3^o) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.10) APROBACIÓN DE CONTAS DE RECADACIÓN DO EXERCICIO 2010.

Por Secretaría dáse conta do escrito remitido polo Servizo Provincial de Recaudación con domicilio en C/ Tui, 5 (27004 Lugo) da aprobación inicial das contas de xestión recaudatoria do exercicio de 2010 para a súa aprobación definitiva.

Pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria acorda:

1º) A mosala conformidade coas devanditas contas.

2º) A remisión do presente acordo ó Servizo Provincial de Recaudación, os efectos oportunos.

D.11) ESCRITO DO CLUBE DE BALONCESTO XOVE, SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA X.G.L. DE 14-2-2011.

Vista solicitude de D. José Iravedra López, con domicilio en Avda. Diputación, 56 2º D (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 12.000€ na Xunta de Goberno Local de 14 de febreiro de 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 14.233,60€

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 3.600€.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezoito horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

